

COMPARACIÓN DE MODELOS DE FINANCIAMIENTO ENTRE PAÍSES: ESPAÑA E CANADÁ¹

DAVID CANTARERO PRIETO²

Departamento de Economía
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Cantabria

Recibido: 1 de setembro de 2004

Aceptado: 9 de novembro de 2004

Resumo: Co obxecto de analizar a incidencia que terían no sistema español as experiencias máis significativas de federalismo fiscal, neste traballo expóñense os principais fundamentos da teoría do federalismo fiscal. Así, aplicaselle parcialmente o sistema canadense ao caso español a partir da consideración dos seus propios trazos institucionais e de organización política en termos de asignación de competencias de gasto e ingresos, comparando así os resultados tanto desde unha perspectiva estática como dos seus condicionantes en termos dinámicos.

Palabras clave: Federalismo fiscal / Experiencia comparada / Corresponsabilidade fiscal.

EVALUATING FISCAL FEDERALISM MODELS: SPAIN AND CANADA

Abstract: In order to analyze the incidence that would have another fiscal federalism models in the Spanish system, the main theoretical foundations of Fiscal Federalism Theory are exposed in this paper. Thus, it is applied the Canadian system to the Spanish case taking into account their own institutional features and political organization in terms of expenditures and revenues assignment, comparing these results from a static perspective and also a dynamic one.

Keywords: Fiscal federalism / Compared experience / Fiscal accountability.

1. INTRODUCCIÓN: FUNDAMENTOS TEÓRICOS DO FEDERALISMO FISCAL E DESCENTRALIZACIÓN

A fonda transformación do sistema de financiamento rexional común coincidiu coa xeneralización das transferencias sanitarias ás dez comunidades autónomas (CC.AA.) que aínda non dispoñían delas no ano 2002 e coa configuración dos seus novos modelos de financiamento, especialmente no caso das rexións de ámbito foral e común. Neste sentido, a análise e cuantificación sistemática da evolución do financiamento en cada comunidade autónoma e as súas interconexións entre si constitúe un elemento importante á hora de valorar a estabilidade e suficiencia do modelo actual de financiamento autonómico. Así mesmo, a comparación dos seus resultados, tanto en termos estáticos como dinámicos, cos das experiencias máis significativas de federalismo fiscal noutros contextos descentralizados resulta espe-

¹ Unha parte do presente traballo intégrase no proxecto *Estudio del modelo actual de financiamento autonómica común y a su compatibilidad con los sistemas foral y de experiencia federal comparada: Aspectos metodológicos y aplicación empírica*.

² Agradezo a axuda concedida polo Instituto de Estudos Fiscais para a súa elaboración. Así mesmo, agradezo os comentarios e as suxestións realizadas por dous avaliadores anónimos a unha versión inicial do presente artigo.

cialmente de interese, dada a relativa escaseza de traballos empíricos neste sentido para o modelo actual.

O obxectivo do traballo consiste en analizar as características e as implicacións económicas dun dos modelos de federalismo fiscal máis representativos na literatura (Canadá), así como do modelo español de financiamento autonómico, o cal esixe un enfoque que combine diversas aproximacións metodolóxicas cuantitativas cos fundamentos teóricos da descentralización fiscal. Ademais, compararanse os resultados obtidos cos que se derivarían da aplicación do modelo canadense no contexto español.

A teoría do federalismo fiscal argumenta que a descentralización impositiva ha de derivarse como consecuencia da descentralización do gasto público³, polo que os desenvolvementos teóricos tratan de definir os criterios que cómpre seguir para a súa articulación efectiva (cadro 1).

A descentralización tributaria atopa a súa xustificación no cumprimento dos principios de *autonomía* e *corresponsabilidade fiscal*, formulando que a cuestión que hai que resolver non é o reparto dos ingresos impositivos entre diferentes niveis de goberno, senón cómo debe repartirse a capacidade de xerar ingresos entre eses niveis. O propio contido da autonomía fiscal sinalaría os límites da descentralización tributaria no financiamento pleno das necesidades rexionais de gasto, onde a situación óptima sería aquela en que todas as CC.AA. puideran cubrir as súas necesidades de gasto cos seus propios impostos e con participacións territorializadas, aínda que requiriría axustar a descentralización tributaria ás necesidades financeiras de cada comunidade autónoma ou deseñar un modelo uniforme de descentralización apoiado por transferencias negativas desde as CC.AA. cunha maior capacidade fiscal. Non obstante, cumpriría buscar unha fórmula que proporcionase maiores niveis de descentralización tributaria (Goodspeed, 2000). Neste sentido, segundo a teoría do federalismo fiscal no reparto das competencias de gasto e ingresos entre os niveis subcentrais de goberno deberían respectarse as seguintes premisas:

- a) A solución de descentralización fiscal non debe esquecer os dous principios “clásicos” da distribución de impostos segundo a teoría do federalismo fiscal que adopta unha concepción *musgraviana*. É dicir, que os impostos adecuados para as funcións de *estabilización* e *redistribución* deben ser centrais, o que supón, no que respecta á primeira das funcións aludidas, que calquera imposto debería asignárselle ao Goberno central (especialmente os directos) e, en canto á segunda, que é evidente a conveniencia de centralizar a imposición progresiva. Por outro lado, a función de *asignación* ha de ser compartida por todos os niveis, en función do ámbito espacial dos beneficios da acción pública e do propio teorema da descentralización (Oates, 1972), do que se deriva o *modelo de beneficio*

³ Tal e como se recolle especificamente en Zubiri (1987).

da imposición subcentral. É dicir, sempre que sexa posible, os gobernos subcentrais deben cobrar unha contraprestación polos servizos que provén ou, de ser o caso, esixir impostos sobre beneficios específicos⁴. De todos modos, as prescricións sinaladas son dificilmente aplicables e de feito desóense nalgunha medida en todos os países con estrutura federal de goberno (McLure, 1983; Grewal, 1985). Como pode apreciarse, de revisarmos tanto a evidencia europea como a internacional (Castells, 1988; Giménez, 2000, 2002), as solucións adoptadas en cada país están influenciadas tanto polas prescricións da teoría do federalismo fiscal como polo seu propio contexto político, institucional, cultural e histórico. De aí que parecería razoable adoptar unha interpretación máis aberta destas directrices que, en todo caso, apostaría polo principio de beneficio e porque o nivel central mantivera unha preeminencia (pero non exclusividade) no desempeño das funcións de estabilización e redistribución (IRPF e IVE).

- b) Os impostos non deben ser exportables ou trasladados aos individuos doutras áreas que non se beneficien dos bens e servizos públicos prestados pola xurisdición que recada efectivamente o imposto.
- c) Os electores han percibir os impostos con claridade para tomar correctamente as súas decisións en materia de gastos e cumprir o principio de “*equivalencia fiscal*” xa que, segundo a teoría da elección pública, a falta de percepción dos impostos satisfeitos impediría que o contribuínte avaliasse correctamente o custo dos bens e servizos públicos recibidos, o que podería inducirle a eleccións ineficientes do gasto público. Esta ilusión fiscal podería acrecentarse coa descentralización fiscal.
- d) As xurisdicións dos niveis subcentrais deben harmonizar os seus sistemas impositivos (como sucede a nivel supranacional co IVE no caso europeo), por exemplo, fixando tipos de gravame mínimos, ou ben someter a tributación as bases impositivas que teñan baixa mobilidade interxurisdiccional (necesitándose elevados tamaños xurisdiccionais) a fin de evitar fenómenos de competencia fiscal.
- e) Os impostos subcentrais han xerar suficientes ingresos para así evitar desequilibrios fiscais verticais. Así mesmo, se se supón que unha xurisdición determina a súa provisión de bens e servizos públicos segundo as preferencias do votante medio e recada os seus ingresos a través dun imposto que recae sobre un grupo reducido da súa poboación (onde está o votante mediano) é de esperar que o gasto público se sitúe por riba do seu nivel óptimo. Polo tanto, unha das características que debe cumprir un bo imposto subcentral é que a difusión da súa incidencia fiscal estea amplamente estendida.

⁴ Aplicado á asignación de impostos finalistas, supón que estes deben asignarse aos niveis de goberno encargados da provisión de servizos para cuxo financiamento se crearon aqueles tributos, xa que segundo McLure (1994) “*non tería sentido, por exemplo, que un nivel de goberno se responsabilizase da construción e mantemento dun sistema de vías de peaxe, pontes e túneles e que un segundo recibise as peaxes abonadas*”.

f) A propia dimensión dos rendementos impositivos é tamén un criterio importante á hora de deseñar un sistema de financiamento. Isto se traduce en dúas vertentes:

- 1) En canto á distribución xeográfica dos rendementos, diríase que as bases impositivas que estean distribuídas de forma altamente desigual entre xurisdicións deben poder usarse de maneira central (King, 1988).
- 2) En canto á elasticidade dos rendementos, os impostos elásticos con alto potencial recatorio contrarrestan as fluctuacións dos ciclos económicos (estabilizador automático), sendo aconsellable que se asignen ao nivel de facenda central.

Cadro 1.- A descentralización impositiva óptima e a teoría do federalismo fiscal

PRINCIPIOS DE DESCENTRALIZ.	IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)	IMPOSTO SOBRE A RENDA DE SOCIEDADES (IS)	IMPOSTOS ESPECIAIS (I.EE)	IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)
Asignación de impostos finalistas, descentralización impostos redistributivos e non estabilización	Non se cumpre	Non se cumpre	Cúmrese relativamente	Cúmrese relativamente
Non exportación fiscal	Só se cumpre relativamente dado que as bases impositivas poden ser móbiles	Non se cumpre dado que as bases impositivas son altamente móbiles	Cúmrese especialmente con xurisdicións grandes e inelasticidade alta da demanda do ben	Cúmrese especialmente con xurisdicións grandes e inelasticidade alta da demanda do ben
Perceptibilidade do imposto	Diminúe coa descentralización fiscal	Diminúe coa descentralización fiscal	Escasa e aínda menor coa descentralización fiscal	Escasa e aínda menor coa descentralización fiscal
Evitar competencia fiscal	Só se cumpre relativamente dado que as bases impositivas poden ser móbiles	Non se cumpre dado que as bases impositivas son dunha gran mobilidade	Cúmrese relativamente con harmonización de tipos impositivos e xurisdicións grandes	Cúmrese relativamente con harmonización de tipos impositivos e xurisdicións grandes
Difusión da incidencia fiscal amplamente estendida	Cúmrese efectivamente	Pódese cumprir só relativamente	Non se cumpre tanto como no IRPF e no IVE	Cúmrese efectivamente
Dimensión dos rendementos impositivos	Distribución xeográfica dos rendementos e elasticidade dos rendementos fan que teña que ser central	Distribución xeográfica dos rendementos e elasticidade dos rendementos fan que teña que ser central	Distribución xeográfica dos rendementos cúmrese relativamente e elasticidade dos rendementos cúmrese mellor cando os impostos son <i>ad valorem</i>	Distribución xeográfica dos rendementos e elasticidade dos rendementos cúmrese
Valoración final	Imposto susceptible de ser descentralizado aínda que con matices e en calquera caso sempre debería quedar unha parte importante del en mans do Goberno central	Imposto con grandes dificultades ao ser descentralizado dada a mobilidade das súas bases impositivas e o seu papel como instrumento de política fiscal central que evitase a competencia fiscal polo que sempre quedaría unha parte del en mans do Goberno central	Impostos que poden ser descentralizados dada a súa escasa utilidade na redistribución e estabilización e o seu carácter finalista ademais de que será necesario que se recaden na fase minorista, aínda que a descentralización formularía problemas de ilusión fiscal	Imposto que pode ser descentralizado dada a súa escasa utilidade na redistribución e estabilización ademais de que será necesario que se recade na fase minorista, aínda que a descentralización formularía problemas de ilusión fiscal

FONTE: Elaboración propia.

Unha vez razoado que as metas que poderían alcanzarse coa descentralización parcial —imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), imposto sobre sociedades (IS), imposto sobre o valor engadido (IVE) e impostos especiais (I.E.E.)—, habería que examinar os dous mecanismos cos que se podería levar a cabo: a concesión de participacións territorializadas na recadación global deses impostos ou a atribución ás entidades subcentrais de competencias normativas, especialmente coa fixación de tipos de gravame:

- A primeira, denominada *fórmula de participación territorializada*, non parecería moi complexa e para facela visible podería incluso facerse un desdoblamento de tipos en factura que fixese máis perceptible para os contribuíntes o destino final dos seus impostos (algo similar ao que sucede no caso de Canadá).
- O outro mecanismo *atribuíralles competencias normativas ás facendas subcentrais non só sobre o IRPF senón tamén sobre o IVE e sobre os impostos especiais e incluso ata o IS*. En canto á extensión das ditas competencias, abondaría coas que lle afectan á fixación do tipo de gravame, dadas as advertencias da experiencia comparada, e exerceríanse logo dun desdoblamento dos tipos vixentes en dous: un estatal e outro rexional.

En consecuencia, no medio prazo puidera ser mellor para os diferentes países desenvolvidos a aplicación de participacións territorializadas en determinados impostos⁵, podendo ensaiar posteriormente a cesión con competencias normativas dado que, a fin de cumprir o principio de sinxeleza, habería que evitar un deseño complexo para o cidadán con moitos impostos descentralizados en diversas porcentaxes e con problemas de *ilusión fiscal*.

2. O SISTEMA DE FEDERALISMO FISCAL CANADENSE

2.1. CARACTERÍSTICAS POLÍTICO-INSTIUCIONAIS

Canadá configúrase como un estado federal asimétrico e cooperativo, tras un dilatado e complexo proceso de independencia respecto do seu pasado colonial, cun sistema de monarquía constitucional e democracia parlamentaria, constituído á súa vez por un nivel rexional formado por dez provincias⁶ e tres territorios. Así, na práctica só existen dous niveis de goberno autónomos e coordinados, xa que o posible terceiro nivel (local), constituído por uns 4.700 municipios, son simplemente “*criaturas das provincias*” e estanse reducindo en número buscando unha maior

⁵ Vid., para un maior detalle, Cantarero (2003).

⁶ Quebec e Ontario son as provincias da “*rexión central*” en Canadá desde a perspectiva histórica, económica e demográfica.

eficiencia administrativa (Boadway e Hobson, 1993; Clark, 1997; Krelove, Stotsky e Vehorn, 1997; Atienza, 2001; Lago, 2001; Giménez, 2002).

Cómpre destacar que, tras a experiencia da Lei constitucional de 1867, o 17 de abril de 1982⁷ se proclamou a “*Constitution Act*” (CA) que facía posible que os canadenses puidesen modificar a súa propia constitución sen necesitar xa o visto e prace británico anterior, e serviu tamén para reformar a distribución de poderes entre federación e provincias. Sinaladamente, en todo este proceso a especial situación de Quebec⁸ condicionou parte da propia estrutura institucional e política e actualmente continúa tendo un *status* especial; iso si, dentro da federación.

2.2. OS MECANISMOS DE FINANCIAMENTO DAS FACENDAS MULTIXURISDICCIONAIS NA FEDERACIÓN CANADENSE

2.2.1. A distribución dos gastos

Unha característica básica do sistema canadense é a do federalismo asimétrico aínda que cooperativo, reflectida en gran parte nas numerosas relacións interxurisdiccionais⁹ (*conferencias intergubernamentais*).

En canto á distribución de competencias establecida no ano 1867 e modificada posteriormente nos anos 1940, 1951, 1964 e 1982, destaca que como principio xeral, todo o que a Constitución federal non lles atribúe expresamente ás provincias é competencia federal. Así, existen competencias exclusivas do Goberno central federal (segundo o artigo 91 da CA son a defensa, regulación, moeda, etc.); exclusivas dos gobernos provinciais (segundo os artigos 92 e 93 da CA, basicamente sanidade e educación); concorrentes ou compartidas (segundo o artigo 95 da CA con primacía federal en caso de conflito, como é o caso, por exemplo, das pensións de velez e prestacións sociais adicionais); residuais (segundo o artigo 91 da CA, atribuíbles ao Goberno federal segundo a cláusula *POGG: Peace, Order and Good Government*); aquelas con poder federal de gastar (*spending power*); e outras disposicións adicionais. No cadro 2 móstrase o reparto do gasto segundo a súa clasificación funcional e segundo o nivel de goberno; nel pode apreciarse como case o 68% do gasto total corresponde ás tres funcións principais do estado do benestar

⁷ Desde aquela Canadá pode reformar a súa propia Constitución sen necesidade do permiso británico, aínda que a súa pertenza á *Commonwealth* fai que a súa máxima autoridade (xefatura do Estado) continúe sendo a raíña de Inglaterra.

⁸ Desde as concesións británicas da Acta de 1774 Quebec defendeu sempre o seu dereito a ser recoñecida como unha entidade “diferente” na federación. Non obstante, os dous referendos celebrados sobre a súa independencia, o 20 de maio de 1980 e o 30 de outubro de 1995, rexeitaron a eventual independencia da federación canadense por un 59,6% e por un 50,6%, respectivamente. As últimas eleccións provinciais outorgáronlle desde o pasado 29 de abril de 2003 a maioría ao Partido Liberal de Quebec, que promove a unidade canadense, despois de que os independentistas tiveran o poder durante nove anos.

⁹ Aínda que non teñen unha regulación constitucional ou legal concreta senón que son basicamente voluntarios (Telford, 1999).

(sanidade, educación e prestacións sociais), aínda que existen claras diferenzas entre as propias provincias e territorios canadenses.

Cadro 2.- Reparto de competencias de gasto en Canadá no 2002 (en % respecto ao total)

CONCEPTO	NIVEL FEDERAL	NIVEL PROVINCIAL-TERRITORIAL	NIVEL LOCAL	TOTAL: TODOS OS NIVEIS
Servizos xerais	50,50	19,30	30,20	4,62
Defensa e protección	57,18	21,21	21,61	9,19
Transportes e comunicacións	10,10	43,31	46,58	4,73
Sanidade	4,44	94,16	1,40	19,54
Servizos sociais	57,88	35,63	6,49	30,26
Educación	10,60	88,98	0,42	17,39
Conservación de recursos naturais	38,88	54,93	6,19	3,85
Abastecemento e residuos	16,03	16,66	67,31	2,52
Recreación, cultura e espectáculos	30,83	19,12	50,04	2,81
Traballo, emprego e inmigración	68,46	31,54	0,00	0,81
Vivenda	34,83	43,51	21,66	1,15
Asuntos exteriores	100,00	0,00	0,00	1,28
Planificación e desenvolvemento	13,30	49,52	37,18	0,60
Investigación	80,71	19,29	0,00	0,68
Outros gastos	1,14	87,31	11,56	0,57
TOTAL GASTOS XERAIS	34,00	52,72	13,28	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir de *Statistics Canada (2002), National Economic and Financial Accounts*.

2.2.2. A distribución dos ingresos

O sistema tributario canadense, configurado a partir da propia norma constitucional, establece unha especie de libre concorrencia en canto a fontes tributarias dos diversos niveis de goberno (*impostos superpostos*), entre as que destacan a imposición sobre as rendas e a propiedade. Este modelo fundaméntase nos acordos fiscais¹⁰ (*Tax Collection Agreement*), nos que se inclúen figuras impositivas (*fiscal room*) que supoñen aproximadamente máis da metade dos ingresos fiscais das dez provincias canadenses. Estes acordos teñen carácter voluntario e individualizado para cada provincia que estea disposta a asinalo¹¹, a súa vixencia é quinquenal e só se lle aplican ao imposto provincial sobre a renda¹² e ao imposto provincial sobre sociedades¹³, segundo a “*fórmula base*” (obriga a usar a mesma base imponible cá do imposto federal, podendo decidir sobre tramos de tarifa, tipos e deducións e recargas na cota provincial), ou segundo a “*fórmula cota*” (tipo impositivo provincial

¹⁰ Basicamente desde os acordos fiscais do ano 1962 que substituíron aos anteriores do ano 1941 (*Tax Rental Agreements*) e dos que unha das súas últimas versións é a asumida en decembro do ano 1998 e cuxa entrada en vigor foi o pasado 1 de xaneiro de 2001 (*Department of Finance Canada*), recibindo os apoios da OCDE por este sistema de harmonización.

¹¹ De aí as diferenzas entre elas en canto ás súas respectivas estruturas de financiamento (McLarty, 1998).

¹² Na actualidade todas as provincias teñen acordo neste imposto, agás Quebec que ten desde o ano 1954 o seu propio imposto.

¹³ En todas no ano 2003 agás Quebec, Alberta e Ontario que teñen impostos propios.

único sobre a cota federal e como resultado unha cota provincial sobre a que se poden fixar recargas ou deducións provinciais) (cadro 3).

Cadro 3.- Reparto de competencias de ingresos non financeiros en Canadá, 2002 (en % respecto ao total)

CONCEPTO	NIVEL FEDERAL	NIVEL PROVINCIAL-TERRITORIAL	NIVEL LOCAL
Impostos sobre as rendas	63,02	31,73	0
Impostos sobre as vendas e consumos	20,36	21,84	0,14
Impostos sobre a propiedade	0	4,07	53,34
Outros impostos	0,28	7,03	1,13
Cotizacións sociais	10,02	4,10	0
Vendas de bens e servizos	2,24	3,54	21,31
Rendas patrimoniais	3,43	12,56	5,02
Outros ingresos	0,34	0,26	1,20
Transferencias non condicionadas	0,29	12,27	2,66
Transferencias condicionadas	0,01	2,59	15,20
TOTAL	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir de *Statistics Canada (2002), National Economic and Financial Accounts*.

2.2.3. A distribución das transferencias intergubernamentais

As transferencias intergubernamentais configúranse como un dos piares fundamentais do sistema do federalismo cooperativo canadense, a pesar de supoñer nos últimos anos preto do 15% dos ingresos non financeiros totais provinciais, especialmente para sanidade, educación e programas sociais (cadro 4). As transferencias federais resúmense en cinco:

- “*The Quebec Abatement*”: concíbese como transferencia implícita (*tax transfer*) aínda que para os efectos contables aparece na CHST.
- *Canada Health and Social Transfer* (CHST): substitúe desde o ano 1996 as antigas transferencias incluídas no *Canada Assistance Plan* (CAP) do ano 1966 e o *Established Programs Financing* (EPF) do ano 1977. Financia de modo quinquenal (aínda que non totalmente condicionado) parte dos gastos provinciais en sanidade, asistencia social, servizos sociais e educación post-secundaria e é a de maior contía. Articúlase de modo *per cápita* e consta dunha metade en forma de pagamento monetario do goberno federal ao provincial, e a outra metade, que son transferencias, en forma de participación nos impostos federais sobre a renda persoal e de sociedades.
- *The Equalization Program*: sistema de nivelación horizontal (transferencias incondicionadas) creado no ano 1957 co obxectivo de axudar ás provincias relativamente máis pobres¹⁴ (*nivelación federal-provincial*). Os fondos son federais

¹⁴ Quedan excluídos da nivelación os territorios, ao dispoñer xa dun sistema específico de transferencias (Smith, 1998; Boadway, 2002).

(sen contribución das provincias máis ricas) e de vixencia quinquenal (última revisión no ano 1999); os pagamentos correspondentes a cada provincia estímase a partir dun procedemento complexo que ten en conta ata 33 figuras impositivas propias seleccionadas das provincias¹⁵. No exercicio 2002-2003, segundo o Department of Finance canadense, ata oito provincias recibirán uns 10,3 billóns de \$ do nivel federal.

- *Revenue Guarantee*: creada no ano 1982 e de vixencia quinquenal (última revisión tamén no ano 1999) para garantirllas ás provincias suficiencia financeira ante eventuais reducións na recadación do IRPF por reformas federais no dito imposto, dado que a provincia asinara os acordos fiscais correspondentes¹⁶.
- *Territorial Formula Financing* (TFF): transferencia de vixencia quinquenal co obxectivo de que os territorios poidan ofrecer niveis de servizo comparables aos das provincias e estimada a partir da diferenza entre necesidades estimadas e capacidade fiscal ponderada.

En síntese, o resultado do modelo de federalismo fiscal canadense é un elevado grao de corresponsabilidade fiscal que, se se mide en termos de recadación compartida, chegou a supoñer no pasado ano 2003 preto do 85%, pero compatible á súa vez con apreciables graos de harmonización fiscal e de diversidade de tipos impositivos entre as propias provincias.

Cadro 4.- Transferencias (millóns de dólares canadenses) e financiamento *per cápita*. Canadá, 2002-2003 (en dólares)

CONCEPTO	CHST (pagamentos directos)	CHST (tax transfers)	EQUALIZATION	TERRITORIAL FORMULA FINANCING	INGRESOS NON FINANCEIROS TOTALS
Alberta	1.432	1.582			9.560
British Columbia	2.367	1.765	488		6.826
Quebec	4.142	3.584	4.678		7.667
Ontario	5.066	6.768			5.900
Manitoba	617	558	1.158		7.066
Saskatchewan	528	514	325		6.940
Newfoundland	299	262	1.019		7.525
Prince Edward Island	75	68	248		7.081
New Scotia	510	458	1.260		6.174
New Brunswick	407	368	1.174		7.117
Yukon Territory	19	13		323	17.171
NorthWest Territories	13	30		547	22.497
Nunavut Territory	24	7		566	24.150
TOTAL	15.499	15.977	10.348	1.436	6.995

FONTE: Elaboración propia a partir de *The Fiscal Balance in Canada (2000)*, Department of Finance Canada.

¹⁵ Inclúen IRPF, IS, impostos sobre as vendas, sobre a propiedade e outros tomando como *standard* a renda media de cinco provincias representativas: Quebec, Ontario, Manitoba, Saskatchewan e British Columbia.

¹⁶ Estableceuse principalmente para as provincias que optan pola "*fórmula cuota*" no imposto provincial e só proporcionou fondos adicionais a Saskatchewan nos anos 1986 e 1991. É dicir, algo similar á garantía do IRPF español do ano 1998.

3. O FINANCIAMENTO AUTONÓMICO ACTUAL EN ESPAÑA

Coa experiencia de anteriores sistemas e coa necesidade de conseguir un novo marco de financiamento ante un horizonte dunha maior descentralización do gasto, o Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), por proposta do Goberno central, aprobou nas súas sesións dos días 27 de xullo, e 16 e 22 de novembro de 2001 un acordo co fin de establecer un novo modelo de financiamento autonómico para o conxunto das CC.AA. de réxime común, e que é aplicable desde o pasado 1 de xaneiro de 2002. Como resultado, por primeira vez un acordo de financiamento autonómico incorporouse nun texto legal con rango formal de lei (Leis 7/2001, 21/2001 e 22/2001, de 27 de decembro), o que supón dotar dun elemento de estabilidade e de referencia ao mencionado sistema.

O funcionamento básico do modelo de financiamento era o seguinte. O ano base para a posta en práctica do sistema era 1999 e, en concreto segundo o artigo 3 da Lei 21/2001, de 27 de decembro, en primeiro lugar estimábanse as necesidades totais de gasto (NG_t) para cada comunidade autónoma (“*restrición inicial do sistema: suficiencia estática*”) por adición do bloque xeral de competencias comúns (NG_{cm}), o das competencias de xestión dos servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social (NG_{in}) e o relativo ás competencias de xestión dos servizos sociais da Seguridade Social (NG_{im}). Así pois, a restrición inicial do sistema ou necesidades de gasto totais era igual á seguinte expresión:

$$NG_t = NG_{cm} + NG_{in} + NG_{im} \quad [3.1]$$

O seguinte paso, unha vez que as necesidades de gasto eran fixadas xa de partida na restrición inicial para os distintos bloques de competencias, é que as ditas necesidades de gasto pasasen a converterse para cada comunidade autónoma “*i-ésima*” nas “*necesidades homoxéneas totais de financiamento (NF_{ti})*” (artigo 4 da Lei 21/2001, de 27 de decembro). É dicir, estimábanse as ditas necesidades en termos de homoxeneidade competencial mediante a aplicación das variables sociodemográficas e distributivas e das ponderacións e modulacións financeiras. Polo tanto, as necesidades de financiamento totais para cada comunidade autónoma “*i-ésima*” (NF_{ti}) obtíñanse por adición do primeiro bloque xeral de competencias comúns (NF_{cmi}) –todas as competencias menos a sanidade e os servizos sociais–, o segundo relativo á xestión dos servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social (NF_{ini}) e o terceiro relativo á xestión dos servizos sociais da Seguridade Social (NF_{imi}) segundo a seguinte expresión:

$$NF_{ti} = NF_{cmi} + NF_{ini} + NF_{imi} \quad [3.2]$$

Unha vez determinadas as ditas necesidades totais de financiamento no ano base 1999 (artigo 5 da Lei 21/2001, de 27 de decembro), existen no modelo diversos recursos financeiros que servirían para financiar as necesidades estimadas no sistema a través dos recursos tributarios cedidos e compartidos (participados) e as transferencias niveladoras (“*fondo de suficiencia*”) nos seus valores do ano 1999.

Para calcular a capacidade fiscal (*CF*) do sistema no ano base 1999 (artigo 6 da Lei 21/2001, de 27 de decembro) cumpriría estimar as seguintes partidas:

- a) Recadación de tributos cedidos (patrimonio (*IP*), transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (*ITPAXD*), sucesións e doazóns (*ISD*), determinados medios de transporte (*IIEM*) e vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos (*IEVMH*) e taxas afectas aos servizos transferidos (*TA*) e sobre o xogo (*TX*), polos seus valores normativos e tarifa autonómica do 33% do *IRPF*).
- b) Cesión do 35% da recadación líquida por *IVE*.
- c) Cesión do 40% de recadación líquida polo imposto sobre a cervexa (*IEC*).
- d) Cesión do 40% da recadación líquida polos impostos sobre produtos intermedios e sobre alcohol e bebidas derivadas (*IEA*), polo imposto sobre hidrocarburos (*IEH*) e polo imposto sobre labores do tabaco (*IELT*).
- e) Cesión do 100% de recadación líquida do imposto de electricidade (*IEE*).
- f) “*Fondo de suficiencia*” (*FS*): No ano base 1999 é a diferenza (positiva ou negativa) para unha comunidade autónoma “*i-ésima*” entre as necesidades totais de financiamento rexionais e o valor dos recursos mencionado anteriormente.

A definición deste fondo de suficiencia pode ter unha gran relevancia debido a que o seu homólogo ata o ano 2002, ou participación nos ingresos do estado (PIE), case sempre tivera un signo positivo¹⁷. Polo tanto, no sistema actual¹⁸ ao non formularse ningunha restrición á cesión de tributos aparecen CC.AA. que teñen un exceso de recadación por riba das súas necesidades de recursos e que deberían proceder á devolución deste exceso (Balears e Madrid). As necesidades totais de financiamento da *CCAA_i* estimaríanse no ano base 1999 do seguinte modo:

$$NF_{ii} - CF_i - FILT_i = FS_i \quad [3.3]$$

¹⁷ Exceptuando o caso da Comunidade de Madrid que xa no modelo 1997-2001 tivo unha PIE negativa en varios exercicios.

¹⁸ Deste modo, o ano base é 1999, o que quere dicir que o cruce entre o anterior modelo e o actual se produce en euros dese exercicio, polo que todos os cálculos que convertan os importes que resulten dos distintos conceptos que conformaban o modelo anterior nas cifras de partida do modelo deben referirse ao ano 1999.

onde $FILT_i$ é o fondo aforro en incapacidade laboral temporal (rexión “i-ésima”).

Ou, o que é o mesmo, ao desenvólvela obtense a seguinte expresión:

$$NF_{ii} - [IP_i + ISD_i + ITPAJD_i + TA_i + TJ_i + IEM_i + IEVMH_i + 0,33 \times IRPF_i + 0,35 \times IVA_i + 0,40 \times IELT_i + 0,40 \times IEA_i + 0,40 \times IEC_i + 0,40 \times IEH_i + IEE_i] - FILT_i = FS_i \quad [3.4]$$

Finalmente, unha vez determinada a cantidade de partida para cada comunidade autónoma, debería actualizarse¹⁹ o seu importe ao primeiro ano de vixencia (*reglas de evolución* ou “*suficiencia dinámica*” do sistema), segundo o artigo 7 da Lei 21/2001, de 27 de decembro.

En canto ao caso obxecto de estudo (estimación de resultados do modelo), a información dispoñible *a priori* son as variables de reparto relevantes para o cálculo das necesidades de financiamento a partir da restrición inicial²⁰. Así mesmo, estimáronse os criterios de asignación dos recursos na “*cesta de impostos*” (cadro 5). Deste modo, pode apreciarse como eses criterios de asignación impositiva non coinciden coa cifra relativa de poboación sendo relevante no caso dos *clásicos tributos cedidos clásicos e taxas normativas* para Cataluña (dada a súa maior importancia relativa en canto a IRPF e IVE e especiais), para a Comunidade Valenciana (pola súa maior recadación por IVE e especiais), para Baleares (pola súa maior recadación por IRPF, especiais e IVE) e para Madrid (dadas as novas cesións de taxas sobre o xogo e imposto sobre o patrimonio no ano 1999 ademais de IRPF, IVE e especiais). Por contra, Galicia, Andalucía, Murcia, Castela-A Mancha, Canarias, Extremadura e Castela e León terían porcentaxes da “*cesta de impostos*” inferiores aos que lles corresponderían co estrito reparto poboacional dada a súa menor riqueza.

Con estas estimacións, preténdese a continuación determinar a estrutura do sistema actual no ano base, dando conta de como se articularía en función da asunción das competencias en sanidade producida en decembro do ano 2001, aínda que contabilizada nos diferentes acordos de traspaso en función dos valores do ano 1999.

¹⁹ Para actualizar algúns elementos correspondentes ao importe do financiamento pásase a utilizar un índice de crecemento que substitúe aos antigos ingresos tributarios axustados do Estado (*ITAE*) e que son os ingresos tributarios do Estado (*ITE_n*) pola parte estatal, excluída a susceptible de cesión, por IRPF (67%), IVE (65%) e impostos especiais (60%) e excluíndose outros tributos que antes estaban dentro do ITAE, como o imposto de sociedades e as cotizacións sociais (artigo 15 da Lei 21/2001, de 27 de decembro). Por outra parte, o ITE rexional (*ITE_r*) constitúeno a recadación na comunidade autónoma sen competencias normativas por IRPF, IVE e impostos especiais cedidos e susceptibles de cesión.

²⁰ Para una explicación máis detallada da metodoloxía empregada, vid. Cantarero (2002b, 2003).

Cadro 5.- Criterios de asignación de impostos do sistema actual de financiamento autonómico no ano base 1999 (en porcentaxe)

CONCEPTO	CLASICOS TRIBUTOS CEDIDOS E TAXAS NORMATIVAS	IRPF 33%	IVE 35%	IMPOSTOS ESPECIAIS	PORCENTAXE DE POBOACIÓN DE DEREITO RELATIVA POR CC.AA.
Cataluña	18,61	23,38	19,50	19,79	16,58
Galicia	6,31	5,21	6,66	7,11	7,29
Andalucía	18,23	11,30	17,42	16,25	19,52
Asturias	3,30	2,71	3,16	3,65	2,90
Cantabria	1,20	1,34	1,44	1,84	1,41
A Rioxa	0,64	0,77	0,72	0,70	0,71
Murcia	1,89	1,90	2,76	2,95	3,02
Com. Valenciana	10,24	9,44	11,27	11,19	10,86
Aragón	3,60	3,41	3,42	3,69	3,17
Castela-A Mancha	3,77	2,54	3,61	4,66	4,61
Canarias	4,19	3,62	0,00	3,16	4,47
Estremadura	2,15	1,30	2,21	1,95	2,87
Baleares	2,20	2,46	5,57	2,98	2,20
Madrid	16,40	25,28	16,21	13,94	13,75
Castela e León	7,26	5,34	6,07	6,14	6,65
TOTAL CC.AA.	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia.

Así, segundo o cadro 6, o cálculo da restrición financeira inicial efectiva do sistema a partir das liquidacións do ano 1999 para pasar a ser as necesidades de financiamento pode variar nalgunhas CC.AA., especialmente no caso da sanidade onde se elevan²¹ claramente (509,88 millóns de euros) e nos servizos sociais (60,93 millóns de euros) polo efecto do peso da poboación maior de 65 anos e polo feito que as ganancias non estean limitadas nin moduladas, a diferenza das competencias comúns (1.713,25 millóns de euros), senón que se estimaron tendo en conta a xeneralización do proceso de transferencias de competencias sanitarias.

Con estas premisas, estímase a continuación as cantidades correspondentes á fórmula de descentralización impositiva elixida (cadro 7), o que condiciona, por un lado, o importe estimado de recadación rexional (35.144,19 millóns de euros) e, por outro, o grao de corresponsabilidade fiscal estimado, que pode entenderse, en sentido relaxado ou débil, como porcentaxe da *cesta de impostos* sobre o total de financiamento non condicionado (65,30% no novo modelo fronte ao 21,38% do modelo 1997-2001); ou, en sentido estrito ou forte, como porcentaxe da *cesta de impostos* (con capacidade normativa neste caso) sobre o total de financiamento non condicionado (30,74% no novo modelo fronte ao 15,73% do modelo anterior).

²¹ Aproximadamente un 2,17% máis cá restrición inicial, onde destacan os incrementos da Rioxa (23,37%), Baleares (16,80%), Cantabria (11,36%), Castela-A Mancha (6,93%), Castela e León (5,96%), Canarias (4,51%), Estremadura (3,20%), Galicia (2,78%), Aragón (2,54%) e Murcia (1,11%) respecto da situación de partida. Por outro lado, a Comunidade Valenciana (0,21%), Asturias (0,10%) e Madrid (0,08%) aumentan en menor medida os seus recursos, mentres que Andalucía e Cataluña seguirían mantendo as mesmas cifras de partida. En resumo, aínda que ata sete rexións (Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Cataluña, Estremadura e Murcia) perderan recursos pola aplicación das variables de reparto, a garantía de mínimos (*statu quo*) e as cantidades finalmente negociadas nos trasposos como custo efectivo fixeron aumentar o incremento inicial.

Esas porcentaxes estimadas reflicten unha composición heteroxénea e desigual por CC.AA.

Cadro 6.- Estrutura do sistema actual de financiamento autonómico (competencias comúns, sanidade e servizos sociais): restrición inicial e necesidades de financiamento no ano 1999 (millóns de euros correntes)

CONCEPTO	TOTAL RESTRIC. INICIAL	BLOQUE XERAL C. COMÚNS	NEC. FINANC. COMÚNS	DIFERENZA	DIFERENZA EN % SOBRE DIFERENZA TOTAL	BLOQUE C. SANIDADE	NEC. FINANC. C. SANIDADE	DIFERENZA	DIFER. EN % S/DIFER. TOTAL
Cataluña	8.408,86	4297,50	4535,42	237,92	92,75	4001,69	4001,69	0,00	0,00
Galicia	4.115,53	2346,33	2384,27	37,94	43,80	1703,44	1752,12	48,68	56,20
Andalucía	10.115,32	5590,06	5741,42	151,36	89,66	4418,07	4418,07	0,00	0,00
Asturias	1.553,85	778,81	851,89	73,08	96,05	749,83	750,60	0,78	1,02
Cantabria	791,35	421,15	491,79	70,64	60,67	357,07	402,86	45,80	39,33
A Rioxa	405,76	238,33	245,58	7,26	13,18	156,63	204,42	47,79	86,82
Murcia	1.493,09	800,21	844,32	44,11	85,29	673,13	680,74	7,61	14,71
C. Valenc.	5.249,57	2690,02	2838,94	148,92	87,78	2494,97	2500,38	5,41	3,19
Aragón	1.836,90	1002,95	1046,06	43,11	67,43	796,03	816,85	20,82	32,57
C.									
A Mancha	2.494,37	1419,17	1497,43	78,26	50,55	1027,84	1104,39	76,56	49,45
Canarias	2.338,74	1327,46	1400,83	73,37	59,54	990,96	1037,84	46,88	38,04
Estremad.	1.666,65	963,21	1052,73	89,52	80,02	676,00	698,35	22,35	19,98
Baleares	952,44	502,23	560,72	58,49	40,02	434,08	521,75	87,67	59,98
Madrid	6.249,92	3146,81	3746,06	599,26	98,85	3017,02	3019,63	2,61	0,43
C. e León	3.865,49	2255,92	2255,92	0,00	0,00	1527,11	1624,04	96,93	100,00
CC.AA. art. 143 CE	21.309,82	11528,79	12592,51	1063,72	70,55	9414,74	9852,14	437,40	29,01
CC.AA. art. 151 CE	30.228,02	16251,37	16900,89	649,53	80,70	13609,14	13710,11	100,97	12,55
Total CC.AA.	51.537,84	27780,16	29493,41	1713,25	75,01	23023,88	23533,75	509,88	22,32

Cadro 6 (continuación).- Estrutura do sistema actual de financiamento autonómico (competencias comúns, sanidade e servizos sociais): restrición inicial e necesidades de financiamento no ano 1999 (millóns de euros correntes)

CONCEPTO	BLOQUE C. IMSERSO	NEC. FINANC. C. IMSERSO	DIFERENZA	DIFERENZA EN % S/DIFER. TOTAL	NECESIDADES FINANC. GLOBAIS	DIFERENZA NEC. FINANC. E RESTR. INIC.	DIFERENZA REC. FINANC. E RESTR. INIC. (en %)
Cataluña	109,66	128,25	18,58	7,25	8665,37	256,51	3,05
Galicia	65,76	65,76	0,00	0,00	4202,16	86,63	2,10
Andalucía	107,19	124,64	17,45	10,34	10284,13	168,81	1,67
Asturias	25,21	27,44	2,23	2,93	1629,94	76,09	4,90
Cantabria	13,13	13,13	0,00	0,00	907,79	116,44	14,71
A Rioxa	10,80	10,80	0,00	0,00	460,80	55,04	13,57
Murcia	19,75	19,75	0,00	0,00	1544,81	51,72	3,46
C. Valenc.	64,58	79,91	15,33	9,03	5419,23	169,66	3,23
Aragón	37,91	37,91	0,00	0,00	1900,83	63,93	3,48
C-A Mancha	47,35	47,35	0,00	0,00	2649,18	154,81	6,21
Canarias	20,32	23,30	2,98	2,42	2461,98	123,24	5,27
Estremad.	27,44	27,44	0,00	0,00	1778,52	111,87	6,71
Baleares	16,13	16,13	0,00	0,00	1098,60	146,16	15,35
Madrid	86,09	90,44	4,35	0,72	6856,13	606,21	9,70
C. e León	82,46	82,46	0,00	0,00	3962,43	96,93	2,51
CC.AA. art. 143 CE	366,28	372,86	6,58	0,44	22817,52	1.507,70	7,08
CC.AA. art. 151 CE	367,52	421,87	54,35	6,75	31032,87	804,85	2,66
Total CC.AA.	733,80	794,73	60,93	2,67	53821,89	2.284,05	4,43

NOTA: No ano base de 1999 deuse a circunstancia de que doce rexións presentaron axustes por modulacións en competencias comúns (Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela-A Mancha, Cataluña, a Comunidade Valenciana, A Rioxa, Madrid e Murcia), sete por sanidade (Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Cataluña, Estremadura e Murcia) e nove por servizos sociais (Aragón, Baleares, Cantabria, Castela-A Mancha, Castela e León, Estremadura, Galicia, Murcia e A Rioxa).

FONTE: Elaboración propia a partir de Memorias do INSALUD e do IMSERSO, Liquidacións de orzamentos de comunidades e cidades autónomas, Axencia Estatal para a Administración Tributaria e Consello de Política Fiscal e Financeira.

Cadro 7.- Cesta de impostos e corresponsabilidade fiscal no ano 1999 (millóns de euros correntes)

CONCEPTO	CESTA DE IMPOSTOS PER CÁPITA MEDIA =100	CESTA DE IMPOSTOS (en %)	CORRESP. FISCAL DÉBIL 1999 (en %)	CORRESP. FISCAL DÉBIL 97-01 (en %)	DIFERENZAS CORRESP. FISCAL DÉBIL CON ANTERIOR (en %)	CORRESP. FISCAL FORTE 1999 (en %)	CORRESP. FISCAL FORTE 97-01 (en %)	DIFERENZAS CORRESP. FISCAL FORTE CON ANTERIOR (en %)
Cataluña	119,09	19,75	80,10	34,70	45,40	44,31	25,52	18,79
Galicia	82,63	6,03	50,40	15,20	35,20	21,00	12,29	8,71
Andalucía	75,38	14,71	50,27	17,20	33,66	19,34	7,63	11,71
Asturias	97,61	2,83	60,97	21,98	38,99	27,79	14,90	12,89
Cantabria	101,04	1,43	55,23	16,02	39,21	24,99	10,67	14,32
A Rioxa	106,57	0,75	57,58	20,02	37,56	27,33	13,55	13,78
Murcia	82,93	2,51	57,01	16,03	40,98	20,81	11,34	9,47
C. Valenc.	102,89	11,18	72,48	30,97	41,51	33,03	20,12	12,91
Aragón	112,11	3,55	65,72	25,02	40,70	31,25	15,01	16,24
C.-Mancha	78,41	3,62	47,97	13,40	34,57	16,91	10,35	6,56
Canarias	44,17	1,97	28,18	21,02	7,16	26,54	17,22	9,32
Estremad.	64,88	1,86	36,77	10,01	26,76	12,93	8,93	4,00
Baleares	161,25	3,54	113,25	30,01	83,24	36,60	27,69	8,91
Madrid	146,47	20,13	103,20	33,01	70,19	61,21	29,17	32,04
Cast. e León	92,40	6,14	54,47	16,05	38,99	23,08	11,62	11,46
CC.AA. art. 143 CE	112,26	46,34	71,37	20,16	54,03	34,64	15,32	19,32
CC.AA. art. 151 CE	94,41	55,44	62,79	23,82	39,66	29,86	16,56	13,30
TOTAL CC.AA.	100,00	100,00	65,30	21,38	46,51	30,74	15,73	15,01

FONTE: Elaboración propia.

O cálculo das porcentaxes de corresponsabilidade fiscal débil indica así que, no ano base 1999, só Baleares (113,25%) e Madrid (103,20%) terían cubertas as súas necesidades co rendemento da súa *cesta de impostos* procedente das súas correspondentes ITE rexionais. Por contra, Castela-A Mancha, Estremadura e Canarias non chegan nin sequera ao 50% de autofinanciamento no ano base 1999.

Outro elemento do modelo é o *fondo de suficiencia* que, como elemento de peche e nivelación, representaría un 34,70% do total das necesidades de financiamento. Os recursos procedentes deste fondo resultan, xa que logo, moi importantes e sitúanse por riba da metade das necesidades de financiamento non só en Canarias (71,82%), senón tamén en Estremadura (63,23%) e en Castela-A Mancha (52,03%), aínda que é negativo en Baleares (-13,25%), ao ser moi importante a súa parte de cesión de impostos indirectos, e na Comunidade Autónoma de Madrid (-3,19%), dadas as súas elevadas "*cestas de impostos*".

4. A APLICACIÓN PARCIAL DO SISTEMA CANADENSE ÁS REXIÓNS ESPAÑOLAS E O SEU MODELO DE FINANCIAMENTO

Para o exercicio de simulación do sistema canadense nas rexións españolas, procedeuse en diversas fases comezando, en primeiro lugar, pola estimación da ca

pacidade fiscal de cada comunidade autónoma (atribución de ingresos por IRPF, IVE e especiais, así como a recadación real de tributos cedidos e asignación de ingresos locais) e, á súa vez, comparouse co nivel medio para calcular no seu caso a transferencia vertical que se recibirá en cada caso, algo “innovador” en comparación co actual modelo español²².

Unha vez estimados os ingresos *per cápita* de cada comunidades autónoma para cada conxunto de ingresos considerado, calculáronse as transferencias intergubernamentais precisas para que todas as CC.AA. se sitúen na media de cada categoría, de onde a suma de todas elas (positivas ou negativas) é necesaria para así poder estimar a subvención de nivelación que percibir²³.

Cadro 8.- Simulación de resultados aplicación do modelo canadense en España no ano 1999 (índices media base 100 a partir de financiamento *per cápita*, pc.)

CONCEPTO	CANADÁ ÍNDICE RECURSOS TOTALS PC	CANADÁ ÍNDICE RECURSOS TOTALS + NIVELAC. PC	ESPAÑA ÍNDICE RECURSOS TOTALS PC	ESPAÑA ÍNDICE RECURSOS TOTALS + NIVELAC. PC	DIFERENZAS ÍNDICE RECURSOS TOTALS PC	DIFERENZAS ÍNDICE RECURSOS TOTALS + NIVELAC. PC	VALORAC. GANANCIAS CAMBIO SISTEMA
Cataluña	128,00	115,00	134,00	96,00	-6,00	19,00	Positivo
Galicia	77,00	82,00	76,00	103,00	1,00	-21,00	Negativo
Andalucía	72,00	76,00	70,00	92,00	2,00	-16,00	Negativo
Asturias	90,00	91,00	89,00	103,00	1,00	-12,00	Negativo
Cantabria	99,00	100,00	90,00	103,00	9,00	-3,00	Negativo
A Rioja	114,00	108,00	111,00	109,00	3,00	-1,00	Negativo
Murcia	80,00	83,00	79,00	96,00	1,00	-13,00	Negativo
C. Valenciana	99,00	101,00	106,00	95,00	-7,00	6,00	Positivo
Aragón	108,00	105,00	115,00	107,00	-7,00	-2,00	Negativo
Cast.-A Mancha	75,00	82,00	74,00	106,00	1,00	-24,00	Negativo
Canarias	84,00	100,00	84,00	101,00	0,00	-1,00	Negativo
Extremadura	60,00	72,00	62,00	104,00	-2,00	-32,00	Negativo
Baleares	170,00	156,00	174,00	102,00	-4,00	54,00	Positivo
Madrid	143,00	149,00	145,00	90,00	-2,00	59,00	Positivo
Cast. e León	91,00	92,00	90,00	101,00	1,00	-9,00	Negativo
Media	100,00	100,00	100,00	100,00	0,00	0,00	
Dev. típica	28,47	23,50	30,17	5,37			
Coef. variación	0,28	0,23	0,30	0,05			
Rango	110,00	84,00	112,00	19,00			
Rec. intercuartili- co	32,50	24,01	35,50	7,50			
Dev. abs. media	2243,78	101,72	1.504,57	124,02			

FONTE: Elaboración propia a partir de *The Fiscal Balance in Canada (2000)*, Department of Finance Canada.

Como resultado da nivelación do sistema canadense diminuirían as desigualdades existentes debido a que a nivelación nese país iguala con respecto á media, aín-

²² Neste caso, resulta relevante a achega empírica do traballo de Utrilla e Herrero (2003) centrada na comparación con Canadá e Alemaña. Unha achega descritiva dos principais sistemas comparados de federalismo fiscal é a de Giménez (2000, 2002).

²³ Loxicamente, se a suma das transferencias que se percibirán é negativa, a comunidade autónoma non recibe subvención (ao igual que sucede co caso español), aínda que tampouco está obrigada a realizar ningún pagamento (non compensación interprovincial).

da que permanecen importantes diferenzas, dado que as CC.AA. máis ricas non están obrigadas a realizar pagamentos ao fondo de nivelación²⁴ (cadro 8). En todo caso, requirirían maiores fondos centrais para así situar as CC.AA. nunha posición igual á media.

5. CONSIDERACIÓNS FINAIS

O financiamento autonómico a partir do seu modelo actual, aplicable desde o pasado 1 de xaneiro de 2002, toma como base unha restrición inicial á que se lle engadían unha serie de modulacións e límites entre o financiamento normativo e o finalmente obtido. En canto á súa comparación coa hipotética aplicación do modelo canadense no ano 1999 a España, esta requiriría importantes fondos estatais adicionais a fin de situar as rexións nunha posición igual á media, polo que se eses fondos se deducen do fondo de suficiencia actual, e a nivelación podería ser menor cá conseguida inicialmente. En calquera caso, a aplicación do modelo canadense sería positiva en comunidades autónomas como Baleares, Madrid, Cataluña ou a Comunidade Valenciana mentres que resultaría máis prexudicial para o resto. En resumo, a correcta aplicación desta alternativa procedente do campo da experiencia comparada precisaría da súa implantación efectiva no contexto español e do seu seguimento de resultados en termos dinámicos ao igual que o noso propio modelo.

BIBLIOGRAFÍA

- ATIENZA, P. (2001): “Una panorámica descriptiva del federalismo fiscal canadense”, *VIII Encuentro de Economía Pública*. Cáceres.
- BOADWAY, R.W. (2002): *Revisiting Equalization Again: RTS vs. Macro Approaches*. (Working Papers 2/2002). Ontario: Queen’s University, Institute of Intergovernmental Relations in Canada.
- BOADWAY, R.W.; HOBSON, P.A.R. (1993): *Intergovernmental Fiscal Relations in Canada*. Toronto: Canadian Tax Foundation.
- CANTARERO, D. (2002a): “Sanidad, financiación autonómica y transferencias”, *Investigaciones Regionales*, núm. 1, pp. 59-81. Madrid.
- CANTARERO, D. (2002b): “Descentralización del gasto sanitario e implicaciones de su integración en el nuevo modelo de financiación autonómica”, en J. Salinas [dir.]: *El nuevo modelo de financiación autonómica (2002)*, pp. 111-161. Madrid: Estudios de Hacienda Pública, Instituto de Estudios Fiscales.
- CANTARERO, D. (2003): “Análisis del gasto sanitario autonómico y su nueva financiación en España”, *Investigaciones*, núm. 8. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.

²⁴ A diferenza doutros países como, por exemplo, o caso de Alemaña.

- CASTELLS, A. (1988): *Hacienda autonómica. Una perspectiva de federalismo fiscal*. Barcelona: Ariel Economía.
- CLARK, D.H. (1997): "The Fiscal Transfer System in Canada", en E. Ahmad [ed.]: *Financing Decentralized Expenditure. An International Comparison of Grants*, pp. 70-102. Chenttenham y Brookfield: Edward Elgar.
- GIMÉNEZ, A. (2000): "Responsabilidad y corresponsabilidad fiscal en los países federales", *Papeles de Economía Española*, FUNCAS, núm. 83, pp. 2-24. Madrid.
- GIMÉNEZ, A. (2002): *Federalismo fiscal: teoría y práctica*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- GOODSPEED, T.J. (2000): "Tax Structure in a Federation", *Journal of Public Economics*, 75, 3, pp. 493-506.
- GREWAL, B.S. (1985): "Criteria for State Taxes: A Review of Theoretical Perspectives", en R.L. Mathews: *Tax Reform and the States*. The Australian National University.
- KING, D. (1988): *La economía de los gobiernos multi-nivel*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- KRELOVE, R.; STOTSKY, J.G.; VEHORN, C.L. (1997): "Canadá", en T. Ter-Minassian [ed.]: *Fiscal Federalism in Theory and Practice*, pp. 201-255. Washington, D.C.: International Monetary Fund.
- LAGO, S. (2001): "Desequilibrios horizontales en las haciendas federales: una perspectiva internacional", en L. Caramés e S. Lago [dir.]: *La hacienda autonómica ante el nuevo siglo*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MCLARTY, R. (1998): "Coordinación y colaboración federo-provincial en la administración tributaria canadiense", *Hacienda Pública Española*, 146, pp. 79-98.
- MCLURE, C.E. (1983): *Tax Assignment in Federal Countries*. Camberra: ANU.
- MCLURE, C.E. (1994): "El p.v norteamericano sobre el desequilibrio vertical y la asignación de poderes tributarios entre niveles de gobierno", *Hacienda Pública Española*, 128.
- OATES, W.E. (1972): *Fiscal Federalism*. New York: Harcourt Brace Jovanovich.
- SMITH, J. (1998): *The Meaning of Provincial Equality in Canadian Federalism*. (Working Papers 1/1998). Ontario: Queen's University, Institute of Intergovernmental Relations in Canada.
- TELFORD, H. (1999): *The Federal Spending Power in Canada: Nation Building or Nation-Destroying*. (Working Papers 4/1999). Ontario: Queen's University, Institute of Intergovernmental Relations in Canada.
- UTRILLA, A.; HERRERO, A. (2003): "Corresponsabilidad fiscal y nivelación en la financiación autonómica. Una aplicación para España de los modelos alemán y canadiense", *Presupuesto y Gasto Público*, núm. 32. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- ZUBIRI, I. (1987): "Sobre la distribución de recursos en un sistema federal", *Papeles de Economía Española*, núm. 30-31. Madrid.

PÁXINAS WEB CONSULTADAS

<http://www.canada.gc.ca>

<http://www.statcan.ca>